

Resolución do 26 de xuño de 2026 da Universidade da Coruña pola que se nomea Catedrática de Universidade da área de coñecemento de Filoloxía Galega e Portuguesa a María Teresa López Fernández.

De conformidade coa proposta da Comisión designada para xulgar o concurso de acceso que convocou esta universidade por Resolución do 21 de marzo de 2025 (BOE do 7 de abril de 2025), para a provisión da praza número 25/007 de Catedrática de Universidade da área de coñecemento de Filoloxía Galega e Portuguesa, departamento de Letras desta universidade, a favor de María Teresa López Fernández, con DNI núm. ***6091** e unha vez que a persoa interesada acreditara os requisitos establecidos na convocatoria.

Esta Reitoría, no uso das atribucións que lle confire o artigo 50 da Lei 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario e demais disposicións que a desenvolven, resolveu nomear a María Teresa López Fernández, Catedrática de Universidade da área de coñecemento de Filoloxía Galega e Portuguesa, departamento de Letras desta Universidade.

No prazo máximo de vinte días, a contar desde o día seguinte á publicación deste nomeamento no “Boletín Oficial do Estado”, a persoa candidata deberá tomar posesión do seu destino.

Contra a presente Resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, que se contarán desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Previamente, e con carácter potestativo, poderá interpoñer un recurso de reposición ante esta Reitoría, no prazo dun mes, de acordo co establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE de 2 de outubro de 2015).

A Coruña, 26 de xuño de 2026

O Reitor

Ricardo José Cao Abad